



Os tres xoves escritores acudiron onte á Galería Sargadelos

Retagarda Edicións mostrou os formatos de vangarda da nova poesía

Redacción • Ferrol

A Galería Sargadelos presentou onte en Ferrol a nova editorial galega de poesía Retagarda Edicións, primeira cidade tras Santiago na que se dan a coñecer. A novidade desta iniciativa é o seu formato: os textos e as imaxes están editadas en disquete para seren vistas no ordenador, a un prezo de 350 pesetas.

Os pais da idea son os poetas Estevo Creus, Rafa Villar e Eduardo Estévez que inauguran a editorial cos seus propios traballos titulados "Ícaro", "O libro dos cans" e "Os veos da paisaxe".

Segundo un dos seus responsables, Eduardo Estévez, "este tipo de iniciativas facilitan unha lectura á carta, e nun

país con tan poucos lectores como Galicia iso é moi interesante, como xa saben en Cataluña".

Para Rafa Villar "o sarampión tecnolóxico actual non é apocalíptico como pode pensarse nun lugar tan conservador como Galicia, incluso a nivel de editores. Deste xeito, esta forma de editar non sustitúe a ningunha. Simplemente é unha alternativa que convivirá con outras no futuro".

Segundo os seus responsables esta editorial facilitará a publicación a poetas xoves e o criterio de selección será exclusivamente "a calidade".

Retagarda@lettera.net é o enderezo electrónico para os interesados en poñerse en contacto con esta nova editorial de poesía.